




## Programa de andainas **COÑECE A COSTA DA MORTE 2017** **VIMIANZO: OS MUÍÑOS DE CAMBEDA**



**Data:** 3 de xuño de 2017.

**Tipo:** Circular.

**Distancia:** 12 km aproximadamente.

**Dificultade:** media con tramos de dificultade media alta.

**Punto de encontro:** Praza do concello ás 9,45

O Concello de Vimianzo propón unha andaina circular de pouco máis de 11,5 quilómetros que discorre polo sur do Val de Vimianzo. Durante o percorrido teremos a oportunidade de contemplar o pazo e capela de Trasouteiro, a igrexa e o longo hórreo de Cambeda, así como un bo número de muíños, na súa maior parte derruídos, que se atopan entre os ríos de Cubes e Cambeda. Entre eles había un batán que xa aparecía nomeado no século XVIII no Catastro de Ensenada. Á parte do valor histórico e cultural da andaina, os camiñantes tamén poderán gozar das pequenas e fermosas cascadas do río Cambeda. Xa no último tramo da andaina teremos ocasión de contemplar a magnífica ponte do Vao das Areas pola que discorría o Camiño Real que unía os lugares de Vimianzo e Cambeda. Bosques de ribeira, saltos, fervezas e até unha antiga central hidroeléctrica fan desta ruta un dos segredos mellor gardados do Val.





Vista do Val de Vimianzo dende Cubes.




Ponte do Vao das Areas.





Un dos muíños que hai no Río Cambeda.



Dous tramos do leito do río Cambeda onde poderemos atopar numerosas cascadas.